



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO ACORDO MARCO  
PARA A CONTRATACIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DOS SERVIZOS DE  
PROCURADOR DOS TRIBUNAIS**

**ÍNDICE**

**I. ELEMENTOS DO ACORDO MARCO**

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN
2. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
3. OBXECTO DO ACORDO MARCO
4. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O ACORDO MARCO
5. RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO ACORDO MARCO
6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE
7. PRAZO DE EXECUCIÓN
8. APTITUDE PARA CONTRATAR

**II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO**

9. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN
10. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO ACORDO MARCO QUE DEBE ABONAR O ADXUDICATARIO
11. GASTOS A ABOAR EN CASO DE RENUNCIA OU DESESTIMENTO
12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN
13. FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS
14. PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS
15. CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO
16. DEBER DE CONFIDENCIALIDADE
17. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS
18. NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES
19. ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO
20. GARANTÍAS ESIXIBLES
21. FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO
22. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS DERIVADOS DO ACORDO MARCO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 1 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**III. EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO E DOS CONTRATOS DERIVADOS**

- 23. EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS
- 24. OBRIGAS DOS PROCURADORES
- 25. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
- 26. SEGURO
- 27. RESPONSABILIDADE POR DANOS E PERDAS
- 28. PERSOAL DO CONTRATISTA
- 29. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN
- 30. CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS DERIVADOS
- 31. PROPIEDADE DOS TRABALLOS REALIZADOS
- 32. RÉXIME DE PAGAMENTOS
- 33. PRAZO DE GARANTÍA
- 34. MODIFICACIÓN DO CONTRATO
- 35. INFRACCIÓNS E PENALIDADES
- 36. MULTAS COERCITIVAS
- 37. PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES
- 38. RESOLUCIÓN DO ACORDO MARCO
- 39. LIQUIDACIÓN

**IV. XURISDICIÓN E RECURSOS**

- 40. XURISDICIÓN
- 41. CUESTIÓN DE NULIDADE

**ANEXO I:** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**ANEXO II:** MODELO DE PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**I. ELEMENTOS DO CONTRATO**

**CLÁUSULA 1.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

1.- O órgano de contratación é a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo.

- O enderezo postal é Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo (Pontevedra).
- O enderezo de Internet do órgano de contratación e o seu perfil do contratante é [www.vigo.org](http://www.vigo.org)
- O nº de fax do Rexistro xeral é (986) 22 62 06.

2.- O servizo xestor do expediente é a Asesoría Xurídica.

3.- O responsable do contrato, coas competencias que lle asigna o artigo 52 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante TRLCSP) é o xefe do Contencioso Administrativo. Ademais destas competencias terá as seguintes:

- Propor ao órgano de contratación as revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato.
- Comprobar que o contratista achega para a execución do contrato os medios materiais e persoais esixidos.
- Propor ao órgano de contratación a incoación de expediente para a imposición de penalidades.
- Comprobar que o contratista cumpre coas condicións especiais de execución e as súas obrigas esenciais.
- Velar porque na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar a declaración de relacións laborais entre a Administración e o persoal do contratista.
- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do acordo marco.
- Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.
- Convocar cantas reunións estime pertinentes para o correcto desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, ás que está obrigados a asistir os adxudicatarios.

**CLÁUSULA 2.- RÉXIME XURÍDICO DO ACORDO MARCO**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 3 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

1.- Este acordo marco ten carácter administrativo.

2.- Tanto o acordo marco como os contratos que del se deriven rexeranse expresamente polas cláusulas contidas neste prego así como no de prescricións técnicas; someténdose igualmente á oferta contida na proposición presentada por cada un dos adxudicatarios.

No non previsto nos pregos, o contrato rexerá polo TRLCSP, polo Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009) e polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), en todo o que non se opoña ao anterior. Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

3.- A lingua oficial deste procedemento é o galego.

4.- O órgano de contratación ostenta, en relación aos contratos derivados do acordo marco, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos, consonte o previsto nos artigos 210 e 211 do TRLCSP.

### CLÁUSULA 3.- OBXECTO DO ACORDO MARCO

1.- O acordo marco ten por obxecto seleccionar 8 procuradores/as, aos que se lle adxudicarán os contratos de servizos derivados, e establecer os requisitos e condicións aos que teñen que suxeitarse os contratos que se adxudiquen para a prestación dos servizos de procurador dos Tribunais que ostente a representación do Concello de Vigo en cantos asuntos radicados nos partidos xudiciais de Vigo, A Coruña e Madrid lle sexan encomendados e non estea representado polos seus propios letrados.

Divídese en 3 lotes, correspondentes a cada un dos partidos xudiciais nos que van actuar:

- Lote 1: 4 procuradores/as para actuar no partido xudicial de Vigo.
- Lote 2: 2 procuradores/as para actuar no partido xudicial de A Coruña.
- Lote 3: 2 procuradores/as para actuar no partido xudicial de Madrid.

2.- A CPV do contrato é 79112000-2 “servizos de representación xurídica”, que se corresponde coa categoría 21 “servizos xurídicos” do Anexo II do TRLCSP.

### CLÁUSULA 4.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O ACORDO MARCO

Este acordo marco trata de cubrir as necesidades de representación do Concello de Vigo nos litixios nos que sexa parte ante as xurisdicións contencioso administrativa, social, civil e penal perante os Tribunais e Xulgados.





## CONCELLO DE VIGO

### CONTRATACIÓN

Expediente 9408-111

#### CLÁUSULA 5.- RÉXIME ECONÓMICO-ORZAMENTARIO DO ACORDO MARCO

- 1.- O valor estimado de licitación do acordo marco é de 283.702.56 euros.
- 2.- O valor estimado ten carácter orientativo e non vinculante e constitúe o límite de gasto previsto para os contratos de servizos que se celebren baseados neste acordo marco e non crea dereitos para os empresarios nin obrigas para a Administración. Unicamente darán lugar á obriga de pagamento os contratos de servizos adxudicados.

#### CLÁUSULA 6.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES EN QUE SE DISTRIBÚE

- 1.- Para a execución dos compromisos económicos dos contratos de servizos derivados deste acordo marco existe crédito na aplicación orzamentaria 9200 2260400 ("Gastos xudiciais e notariais").
- 2.- O prazo do acordo marco abrangue os seguintes exercicios orzamentarios:
  - 2016: 70.925,64 €
  - 2017: 70.925,64 €
  - 2018: 70.925,64 €
  - 2019: 70.925,64 €

#### CLÁUSULA 7.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do acordo marco é de 4 anos, sen prexuízo de que a duración dos contratos derivados que se adxudiquen durante a vixencia do acordo marco excedan na súa duración a este.

#### CLÁUSULA 8.- APTITUDE PARA CONTRATAR

- 1.- Están capacitados para contratar con esta Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 5 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

a correspondente solvencia económica e técnica e non estean afectadas por ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

2.- A concorrencia destes requisitos será declarada polos licitadores presentando unha declaración responsable consonte ao modelo incluído como Anexo I a este prego.

3.- Estes requisitos deberán reunirse no momento de presentación das ofertas. A Administración poderá requirir aos licitadores a acreditación destes requisitos en calquera momento do procedemento anterior á formulación da proposta de adxudicación. A falta de acreditación destes será causa de exclusión da licitación.

4.- En todo caso, os 5 licitadores que presentasen as ofertas economicamente mais vantaxosas deberá acreditar o cumprimento dos anteriores requisitos no prazo dos dez días hábiles seguintes ao que lle sexa comunicado o acordo de requirimento adoptado polo órgano de contratación. Acreditarase de conformidade co que dispón o artigo 146 do TRLCSP, achegando a seguinte documentación:

### 1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica

- Os empresarios individuais, copia do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.
- A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

### 2º) Documentos acreditativos da representación

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen subscriba a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do ou dos apoderados.

### 3º) Acreditación da solvencia

#### - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase do seguinte xeito:

- Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que, en ó menos un dos últimos tres anos teñan un volume de facturación no ámbito do obxecto do contrato que sexa igual ou superior a unha oitava parte dunha anualidade do prezo do contrato (8.865,71 euros).





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**- Solvencia técnica e profesional:**

Acreditarase do seguinte xeito:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior a unha oitava parte dunha anualidade do prezo do contrato (8.865,71 euros). Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

**5º) Habilitación profesional:**

Acreditarase mediante certificación do Colexio Oficial de Procuradores no que conste que está inscrito como colexiado exercinte.

**6º) Certificados que acrediten que está ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ó Estado, Comunidade autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social que imponen as disposicións vixentes.**

Non será necesario achegar certificado de estar ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Concello de Vigo, por canto será solicitado de oficio polo servizo de Contratación á Tesourería municipal.

**7º) Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato**

Non se esixen.

5.- Presentada a documentación acreditativa da capacidade do contratista a Mesa de contratación delega na Secretaría da mesma a facultade de cualificar a documentación achegada polo licitador e, no seu caso, cando esta non sexa conforme co previsto no artigo 146 do TRLCSP e no apartado 4 desta cláusula, poderá requirirille a súa subsanación, concedéndolle ó efecto un prazo de tres días hábiles e sen prexuízo da súa comprobación polos integrantes da Mesa. De todo o actuado se dará conta á Mesa con carácter previo á formulación por esta da proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

6.- No caso de que os datos incluídos na declaración responsable non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 7 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar de acordo co previsto no artigo 61 do TRLCSP, excluírá ó licitador do procedemento e lle reclamará 250 € en concepto de danos e prexuízos.

## **II. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO**

### **CLÁUSULA 9.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN**

O acordo marco adxudicarase aplicando o procedemento aberto e a forma de tramitación do expediente será a ordinaria. Non está suxeito a regulación harmonizada.

### **CLÁUSULA 10.- IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN DO ACORDO MARCO QUE DEBE ABOAR O ADXUDICATARIO**

Os adxudicatarios estarán obrigados a satisfacer por partes iguais os gastos de publicidade da licitación ata o importe de 1000 euros.

### **CLÁUSULA 11.- RENUNCIA E DESESTIMENTO**

1.- O órgano de contratación poderá acordar a renuncia á celebración do contrato, por razóns de interese público debidamente xustificadas, ou o desestimento do procedemento, baseado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, en ambos os casos antes da adxudicación do contrato.

2.- Esta circunstancia deberá ser notificada ós licitadores.

3.- En caso de renuncia ou desestimento, compensarase a cada un dos licitadores polos gastos en que tivese incorrido (artigo 155.2 TRLCSP). Iso no entanto, esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade que se fixe de 50 euros.

### **CLÁUSULA 12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

1.- Para tomar parte na licitación será preciso que o interesado achegue a documentación distribuída en tres sobres: 1) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL, 2) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR e 3) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA.

2.- Os sobres estarán pechados e poderán ser lacrados e precintados. No seu exterior constaran, como mínimo, os seguintes datos:

- Indicación do sobre do que se trata: “Sobre A, documentación persoal”, “Sobre B, proposición avaliable mediante xuízo de valor” ou “Sobre C, proposición avaliable mediante fórmula”.
- Número do expediente (.....), obxecto da licitación (....) e lote ao que se presenta





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

(...).

- Os datos seguintes do licitador: nome, CIF ou NIF, enderezo postal, teléfono, fax, correo electrónico.
- Lugar, data e sinatura do licitador ou do seu representante.

3.- No interior de cada sobre farase constar en folla independente o índice do seu contido, enunciado numericamente. A documentación incluída en cada sobre deberá estar paxinada.

4.- A presentación das proposicións deste procedemento poderase realizar no Rexistro xeral do Concello de Vigo (Casa do Concello de Vigo, Praza do Rei, 1 - 36202 Vigo) en horario de 9:00 a 13:30 horas, os días laborables, e de 9:00 a 13:00 horas, os sábados. O licitador terá dereito a obter, como acreditación da presentación, recibo no que constará o nome do licitador, a denominación do obxecto do contrato e o día e hora da presentación. Non será admitida a documentación se é recibida no Rexistro xeral deste Concello con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

5.- Así mesmo, as proposicións poderán ser presentadas por correo. Admitiranse as ofertas presentadas nas oficinas de correos ata as 23.59 horas do último día do prazo establecido para a presentación de ofertas. En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao Rexistro xeral do Concello de Vigo a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, no entanto, dez días a partir da indicada data sen terse recibido a documentación enviada por correo, esta non será admitida en ningún caso.

6.- En ningún caso poderá presentarse máis dunha oferta, aínda que se faga mediante sistemas distintos. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento.

**CLÁUSULA 13.- FORMA EN QUE DEBEN PRESENTARSE A DOCUMENTACIÓN E AS PROPOSICIÓNS**

1.- A documentación do sobre A e C deberá presentarse en papel e a do sobre B en papel e tamén en formato dixital.

2.- A presentación dixital deberá reunir os seguintes requisitos:



- Presentarse en documento non editable, en formato PDF ou similar.
- O soporte físico que conteña os arquivos deberá estar etiquetado. A etiqueta deberá incluír o nome da empresa, a mención do sobre de que se trate (A, B ou C) e o nº de expediente e o lote a que se presenta.
- Estar firmada dixitalmente por persoa con poder de representación acreditado. Se o soporte non está asinado dixitalmente deberá acompañarse unha declaración escrita do licitador sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate, e deberá ser asinado por persoa con poder de representación acreditado.
- Se o licitador achega documentos encriptados, deberá facilitar a clave de encriptación e o programa para abri-lo.
- Se utilizase formato distinto ao PDF, deberá facilitar o programa que permita visualizar esta documentación.

4.- Se non se facilitasen as claves de encriptación e/ou os programas citados no apartado anterior coa documentación, deberá facerse con carácter previo á data fixada para apertura do correspondente sobre. En caso contrario, o licitador non será admitido na licitación de tratarse do sobre A ou será excluído da mesma de tratarse dos sobres B ou C.

5.- O contido dos sobres será o seguinte:

#### **A) SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL**

Presentarase unha declaración responsable consonte o modelo incluído como Anexo I a este prego.

#### **B) SOBRE B: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR**

Presentarase unha memoria técnica relativa á proposta de prestación do servizo, na que se incluírán os medios técnicos que o licitador se comprometa a adscribir á execución dos contratos e o Plan de traballo.

#### **C) SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA**

Esta proposición deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no Anexo II a este prego.

A Mesa, mediante resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.
- Excedese da porcentaxe máxima de redución dos aranceis vixentes establecida no artigo 2 do Real decreto 1373/2003, do 7 de novembro.
- Se apartase substancialmente do modelo establecido.
- Comportase erro manifesto no importe da proposición.
- Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**CLÁUSULA 14.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E DEMAIS REQUISITOS DAS PROPOSICIÓNS**

1.- A documentación persoal e as proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e mediante fórmula se presentarán dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

2.- As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo licitador do contido da totalidade de devanditas cláusulas ou condicións así como do prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.

3.- As proposicións serán secretas e arbitraránse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á súa apertura en público.

4.- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da admisibilidade de melloras cando así se estableza no apartado 9.A das FEC. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

5.- A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

**CLÁUSULA 15.- CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO**

1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación de cada lote mediante a aplicación dos seguintes criterios:

**A) Criterio avaliáble mediante xuízo de valor: memoria técnica relativa á proposta de prestación do servizo**

Se valorará con ata **10 puntos**, que se distribuirán do seguinte xeito:

1. **Medios técnicos que o licitador se comprometa a adscribir á execución dos contratos a maiores dos descritos na cláusula 24.1:** se valorará con ata **4 puntos**.



Deberá presentarse un listado dos medios técnicos á adscribir a execución do contrato, describindo as características dos mesmos. Eludirase a mención de marcas e modelos identificables.

2. **Plan de traballo:** se valorará con ata **6 puntos**.

Incluirase a metodoloxía das tarefas, a súa programación, os medios propostos de coordinación coa Asesoría Xurídica e posibles mecanismos de seguimento, análise, estatística e valoración dos traballos realizados.

**B) Criterio avaliable a través de fórmula: redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (máximo 12%)**

Valorarase con ata **90 puntos**, da seguinte forma:

- A proposición que oferte a maior baixa recibirá 90 puntos.
- A proposición que non oferte baixa será puntuada con 0 puntos.
- As demais proposicións valoraranse aplicando a regra proporcional inversa.

2.- En caso de empate na puntuación total entre 2 ou máis licitadores de cada lote dirimirase, en primeiro lugar, a favor da oferta que propoña unha maior porcentaxe de redución sobre os aranceis.

Se continuase o empate, efectuarase un sorteo.

**CLÁUSULA 16.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE**

1.- Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

2.- De igual xeito, os empresarios deberán respectar o carácter confidencial daquela información á que teñan acceso con ocasión da execución dos contratos derivados á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información, agás que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

**CLÁUSULA 17.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN E DAS PROPOSICIÓNS**

1.- A cualificación dos documentos e o exame e a valoración das proposicións correspóndelle á **Mesa de contratación do Concello de Vigo**, cuxa composición figura no perfil do contratante, que se atopa na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

- Aberto o sobre A, a Mesa declarará admitidos inicialmente á licitación aos licitadores que teñan presentado correctamente a declaración responsable





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Expediente 9408-111

incluída como Anexo I. No entanto, poderán ser excluídos nun momento posterior do procedemento, se tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos, non os reunisen.

- Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións na declaración responsable que se inclúe no sobre A, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido neste procedemento, comunicarlle esta circunstancia aos interesados, por correo electrónico ou fax, concedéndolles un prazo non superior a tres días hábiles para que os corrixa ou emenden. O cómputo do citado prazo iniciárase no momento no que o licitador reciba a comunicación.
- A continuación procederase, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante, á apertura do sobre B. Este acto desenvolverase de conformidade co establecido no artigo 83 do RXLCAP.
- A Mesa valorará o sobre B. Para estes efectos, poderá solicitar os informes técnicos que estime precisos. O resultado da valoración darase a coñecer no perfil do contratante con carácter previo ao acto público de apertura do sobre C.
- A apertura do sobre C terá lugar, en acto público, no día e hora anunciado no perfil do contratante. Nel darase a coñecer o contido das proposicións avaliadas mediante fórmula dos licitadores admitidos.

2.- A Mesa poderá acordar, motivadamente, propoñer ao órgano de contratación o **rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas**, sempre e cando a documentación avaliable mediante xuízo de valor e/ou mediante fórmula contradigan as previsións dos pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ao licitador rexeitado por correo electrónico ou fax para os efectos oportunos.

3.- De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente.

### CLÁUSULA 18.- NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DE EXCLUSIÓN DE LICITADORES

Cando o órgano de contratación ou a Mesa de contratación acorden, en uso das facultades que lle confire a lexislación contractual vixente, o rexeitamento de proposicións inicialmente admitidas comunicarán esta circunstancia aos licitadores a través de correo electrónico ou fax.

### CLÁUSULA 19.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO

1.- O órgano de contratación clasificará as proposicións presentadas de acordo co disposto no artigo 151.1 do TRLCSP e requirirá aos 8 licitadores cuxas ofertas



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 13 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

resultasen as máis vantaxosas economicamente para que presenten no prazo máximo de dez días hábiles, a documentación sinalada no artigo 151.2 do TRLCSP, con excepción do certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, por canto este será solicitado de oficio polo Servizo de Contratación á Tesourería municipal. Así mesmo se lle esixirá a acreditación dos seguintes extremos:

- Certificación do Colexio oficial de procuradores no que conste que está inscrito como colexiado exercinte.
- O pagamento dos anuncios de licitación.
- Copia da póliza do seguro correspondente.
- Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios materiais aos que se comprometeu na súa oferta.

2.- Esta documentación será revisada pola Mesa de contratación xunto coa prevista na cláusula 8.4. De resultar correcta, a Mesa formulará proposta de selección ao órgano de contratación. En caso contrario, se o licitador non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

3.- O acordo de selección dos 8 procuradores será notificado aos participantes na licitación.

## **CLÁUSULA 20.- GARANTÍAS ESIXIBLES**

Non se esixe nin garantía provisional nin garantía definitiva ós adxudicatarios, por canto consonte ó disposto na cláusula 26 deste prego, deberán subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil.

## **CLÁUSULA 21.- FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO**

1.- A formalización do acordo marco efectuarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción polos licitadores da notificación do acordo de selección.

2.- Poderá formalizarse tamén en escritura pública, a solicitude do seleccionado, sendo neste último caso do seu cargo os correspondentes gastos, conforme ao artigo 156 do TRLCSP.

## **CLÁUSULA 22.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS DERIVADOS DO ACORDO MARCO**

1.- A adxudicación dos contratos de servizos derivados deste acordo marco efectuarase directamente, sen necesidade de convocar ás partes a unha nova licitación, a cada un dos procuradores seleccionados para cada lote seguindo unha quenda rotatoria que se establecerá de conformidade coa orde de clasificación de cada lote -de maior a menor puntuación- das proposicións, obtida no procedemento de licitación do acordo marco.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

2.- Co fin de garantir unha adecuada cobertura da necesidade de representación procesual do Concello mediante procurador naqueles procedementos xudiciais que o estime pertinente a Asesoría Xurídica, como unidade xestora do contrato, proporá ó Concelleiro Delegado de Xestión Municipal/réxime interior a adxudicación a cada procurador do correspondente contrato de servizos, o que se comunicará ao correspondente procurador.

3.- A duración de cada contrato de servizos estenderase ata a conclusión do respectivo procedemento xudicial.

**III. EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO E DOS CONTRATOS DERIVADOS**

**CLÁUSULA 23.- EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS**

1.- Os contratos de servizos derivados deste acordo marco executaranse con suxeición ao previsto no seu clausurado, neste prego, no prego de prescricións técnicas e na oferta do contratista, de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea o órgano de contratación ao contratista.

2.- A execución dos contratos derivados realizarase a risco e ventura do contratista, no entanto o establecido no artigo 231 do TRLCSP, para os supostos de forza maior.

3.- O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que lle sexan atribuíbles e que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros ou, en xeral, da incorrecta execución do contrato.

4.- Os adxudicatarios dos contratos derivados deberán adoptar as seguintes medidas de carácter medioambiental durante a execución dos contratos derivados

1. Minimización do consumo de recursos naturais como materias primas e de combustibles.
2. Minimización da xeración de residuos perigosos e non perigosos así como a súa reutilización ou reciclaxe.
3. Os residuos susceptibles de reciclado se depositarán en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 15 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CLÁUSULA 24.- OBRIGAS DOS PROCURADORES**

1. Dispor para a execución dos contratos derivados do acordo marco dos seguintes medios técnicos:
  - Equipo informático axeitado con correo electrónico.
  - Fax (ou equivalente segundo PPT).
  - Liña telefónica fixa e móbil.
  - Impresora e fotocopiadora en cor.
  - Escáner con capacidade de almacenamento en formato PDF.
2. Designar un procurador colexiado que substitúa ó adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato. Deberá comunicar esta circunstancia ó responsable do contrato no mesmo día ou, de non ser posible, no seguinte día hábil.

**CLÁUSULA 25.- CUMPRIMENTO DA NORMATIVA RELATIVA Á PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

1.- Os adxudicatarios e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).

2.- Os adxudicatarios deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados se puidese incurrir.

3.- Se os contratos derivados do acordo marco implicasen o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar na súa integridade a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento.

**CLÁUSULA 26.- SEGURO**

Cada un dos empresarios seleccionados está obrigado a subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil, en tanto dure a execución dos contratos derivados do acordo marco, que cubrirá os danos e responsabilidades que puidesen derivarse dos erros e deficiencias na súa actuación por un importe de 200.000 euros por sinistro.

**CLÁUSULA 27.- RESPONSABILIDADE POR DANOS E PERDAS**

Os empresarios seleccionados serán responsables dos danos e perdas directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das actuacións que requira a execución dos contratos derivados.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**CLÁUSULA 28.- PERSOAL DO CONTRATISTA**

1.- Os adxudicatarios disporán en todo momento do persoal preciso e adecuado para a execución dos contratos de servizos derivados do acordo marco.

2.- O persoal asignado a execución dos contratos derivados do acordo marco, dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes a súa calidade de empregador respecto do mesmo, sendo a Administración contratante allea a ditas relacións laborais. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún por dito persoal en relación coa Administración contratante, nin esixirse a esta responsabilidades de ningunha clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despidos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

3.- Os adxudicatarios comprométense a retribuír adecuadamente ó persoal destinado ó servizo con cargo ó prezo da adxudicación do contrato, asumindo de forma directa e non trasladable a Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de Convenios Colectivos, pactos ou acordo de calquera índole; de modo que, en ningún caso, poderá repercutir ditas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

4.- Os adxudicatarios quedas obrigados, respecto ó seu persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral que se atope vixente en cada momento.

5.- En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o contratista, con exclusión da Administración, será o único responsable das consecuencias que se deriven con arranxo á lexislación vixente.

6.- Á extinción dos contrato de servizos derivados do acordo marco non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do mesmo como persoal do Concello de Vigo.

**CLÁUSULA 29.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN**



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 17 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Os empresarios seleccionados non poderán ceder ou transferir os dereitos que lle correspondan como consecuencia da súa participación no procedemento de selección deste acordo marco. Tampouco poderán concertar con terceiros a realización das prestacións dos contratos de servizos del derivados.

### **CLÁUSULA 30.-CUMPRIMENTO DOS CONTRATOS DERIVADOS**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade da prestación contratada, de acordo cos seus propios termos e a satisfacción da Administración.

### **CLÁUSULA 31.- PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS**

1. Os traballos realizados durante a execución do contrato serán propiedade da Administración, correspondéndolle os dereitos de explotación. Non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen previa e expresa autorización do órgano de contratación.

2. Se algún dos constituísen obxecto de propiedade intelectual, entenderanse expresamente cedidos en exclusiva ó Concello de Vigo, salvo no caso de dereitos preexistentes, nos que a cesión pode non ser con carácter de exclusividade.

### **CLÁUSULA 32.- RÉXIME DE PAGAMENTOS**

1.- Os adxudicatarios dos contratos derivados percibirán en concepto de honorarios profesionais os que resulten do arancel de dereitos de procuradores dos Tribunais aprobado por Real decreto 1373/2003, do 7 de novembro, ou norma que o substitúa. Esta cifra será minorada en función da oferta económica presentada polo adxudicatario (ata o 12%).

2.- Non se admitirán nas minutas de honorarios profesionais a inclusión doutros conceptos que os expresamente contemplados no arancel vixente. No caso de incluír gastos ou suplidos realizados estará obrigado a entregar xustificación dos mesmos xunto coa presentación da minuta para a súa aprobación polo responsable do contrato.

3.- O abono das cantidades que resulten das minutas realizárase contra a factura emitida pola actuación correspondente, que deberá presentarse no prazo máximo de 30 días a contar desde a finalización do procedemento xudicial. Dita cantidade constituirá a base sobre a que se aplicará o réxime de retencións en concepto de imposto sobre a renda das persoas físicas e o imposto sobre o valor engadido.

4.- Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- A identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública: servizo de contabilidade/fiscalización.
- A identificación do órgano de contratación: Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

- A identificación do destinatario: o servizo xestor do contrato .

5.- Cando o importe da factura sexa superior a 5.000 euros, deberá emitirse factura electrónica, que deberá axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FAcE - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

- UNIDADE TRAMITADORA: GE0000672 ADMINISTRACIÓN XERAL / ASESORÍA XURÍDICA
- OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN
- ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

**CLÁUSULA 33.- PRAZO DE GARANTÍA**

Pola natureza das prestacións obxecto deste contrato, non procede fixar prazo de garantía.

**CLÁUSULA 34.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O órgano de contratación só poderá modificar o contrato no caso de que sobreveña algunha das circunstancias especificadas no artigo 107 do TRLCSP, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na normativa de contratación. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 108, 211 e 219 do TRLCSP.

**CLÁUSULA 35.- INFRACCIÓNS E PENALIDADES**

1.- Considerarase infracción calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas derivadas deste contrato.

2.-As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 19 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Administración.

3.-Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalguna das infraccións previstas a continuación:

**a) Por cumprimento defectuoso**

Se ao tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a súa execución imporanse penalidades ao contratista nos seguintes termos:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obrigaón que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

En particular, terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A paralización total e absoluta da execución das prestacións obxecto deste contrato imputable ao contratista, por un prazo que exceda de 24 horas, agás no suposto de folga legal.
2. A prestación manifestamente irregular da prestación do servizo.
3. A cesión en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa da Xunta de Goberno local, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.
4. A subcontratación de prestacións obxecto do contrato.
5. O incumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, aprobada por acordo plenario de data 29/11/2010 e publicada no BOP do 29/03/2011.
6. O incumprimento polo contratista ou polas persoas del dependentes da obriga de gardar sxiilo e garantir a confidencialidade das actuacións practicadas con motivo da prestación do servizo, así como o incumprimento do disposto na lexislación de protección de datos. Considerarase confidencial toda a información que sexa presentada polo Concello de Vigo, salvo que este, expresamente, mediante acordo do órgano de contratación, autorice a súa divulgación. A información recibida será utilizada unicamente para o fin polo que o Concello de Vigo contrata, non podéndose facer uso dela para ningún outro.
7. O incumprimento de compromisos ofertados polo adxudicatario na súa proposición e que tiñan sido valorados como criterios de adxudicación do contrato.
8. A falta de renovación das pólizas de seguro obrigatorias ou a súa renovación con coberturas inferiores ás esixidas.
9. Calquera modificación na prestación do servizo adoptada sen previa autorización municipal.
10. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas graves neste



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 20 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. O atraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática.
2. A interrupción do servizo por calquera causa por prazo non superior a 24 horas, agás en caso de folga legal ou o atraso no comezo do servizo en máis dunha hora sobre o horario establecido.
3. O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á prestación do servizo impartidas pola Administración Municipal ao adxudicatario e no prazo que para o efecto as outorgue.
4. A comisión de dúas ou máis infraccións, tipificadas como faltas leves neste prego, nun período dun ano, sobre as que tivese recaído resolución firme en vía administrativa.

Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A imperfección non reiterada na prestación dos servizos.
2. Falta de respecto ao público, aos inspectores dos servizos técnicos municipais ou axentes da autoridade que legalmente non teña a consideración de grave o moi grave.
3. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave neste prego.

**b) Por incumprir criterios de adxudicación**

Se durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, a Administración municipal apreciase que o contratista, por causas que lle resultan imputables, incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, imporánselle penalidades nos seguintes termos:

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.
- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do prezo de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 21 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

incumprimento é grave ou moi grave, nese caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

### c) Por demora

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora no cumprimento das obrigadas derivadas da prestación obxecto do contrato, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

### d) Outras penalidades

A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, que serán determinados polo órgano sancionador, debendo fixarse na resolución correspondente a súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

As penalidades a aplicar fixaranse atendendo aos seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas neste prego, cando así fose declarado por resolución firme.
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ao procedemento sancionador, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.

## CLÁUSULA 36.- MULTAS COERCITIVAS

1.- Con independencia do réxime de penalidades, a Administración poderá impoñer ao contratista multas coercitivas cando persista no incumprimento das súas obrigas, utilizando o procedemento previsto na cláusula seguinte.

2.- O seu importe será o seguinte:

- a) No caso de incumprimentos leves, multa de 1 a 300 € por día que persista o incumprimento.
- b) No caso de incumprimentos graves, multa de 301 a 600 € por día que persista o incumprimento.
- c) No caso de incumprimentos moi graves, multa de 601 a 1.000 € por día que persista o incumprimento.

Os días comezarán a contarse dende o seguinte á recepción polo contratista da orde de cesamento no seu incumprimento.

Á hora de graduar a multa terase en conta o prezo do contrato.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

3.- As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas penalizacións previstas na cláusula precedente deste prego.

4.- En todos os casos, o Concello, con independencia da imposición da multa, poderá adoptar a custa do contratista as medidas necesarias para poñer fin á infracción.

5.- O disposto nesta cláusula enténdese sen prexuízo do dereito do Concello a reclamar a indemnización de danos e perdas ou a resolución do contrato, así como da imposición das sancións administrativas que procedan no seu caso.

**CLÁUSULA 37.- PROCEDEMENTO PARA A IMPOSICIÓN DE PENALIDADES**

O incumprimento das normas establecidas neste prego, orixinará a incoación do correspondente expediente.

**I. Órgano competente**

As penalidades por infraccións, calquera que sexa a súa gravidade, imporanse pola Xunta de Goberno local.

**II. Procedemento**

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días; acordo que será inmediatamente executivo.

Para a imposición de penalidades por incumprimentos leves, unicamente será preceptivo o trámite de audiencia ao contratista.

No suposto de incumprimentos previstos no TRLCSP que poidan dar orixe á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 225 do TRLCSP.

**III. Prescripción**

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos, e as leves aos seis meses.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 23 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

2. As penalidades impostas por faltas moi graves prescribiran aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos, e as impostas por faltas leves ao ano.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar dende o día no que se cometeu a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador se paralizase máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

4. O prazo de prescrición das penalidades comezará a contar dende o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

#### **IV.-Pagamento das penalidades**

O importe das penalidades será aboado polo contratista na Caixa do Concello dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación. Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o referido importe, esixirase o seu pagamento por vía de constrinximento administrativo.

#### **CLÁUSULA 38.- RESOLUCIÓN DO ACORDO MARCO**

1.- A resolución do acordo marco rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e especificamente para os contratos de servizos nos artigos 308 e 309 de devandita Lei.

2.- En todo caso serán causas de resolución as seguintes:

- A perda sobrevida dos requisitos para contratar.
- A obstrución ás facultadas de dirección e inspección do responsable do contrato.
- O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.
- O incumprimento reiterado dos requirimentos referentes á prestación do servizo impartidos pola Administración Municipal.

3.- Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto nos artigos 224 do TRLCSP e 110 do RXLCAP.

4.- En caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 225, apartados 3 e 4, do TRLCSP.

#### **CLÁUSULA 39.- LIQUIDACIÓN**

Finalizado o contrato e transcorrido o prazo de garantía, no seu caso, practicarase a liquidación do contrato procedendo, no seu caso, á devolución da garantía definitiva.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

**IV. XURISDICIÓN E RECURSOS**

**CLÁUSULA 40.- XURISDICIÓN**

1.- As cuestións que poidan xurdir durante o desenvolvemento do contrato relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos serán resoltas polo órgano de contratación (artigos 210 e 211 TRLCSP). Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da mesma.

2.- O recurso contencioso-administrativo será interposto no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Someténdose, tanto os licitadores como posteriormente os adxudicatarios, aos Xulgados desta Orde que exerzan a súa xurisdición na cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles corresponda.

3.- No entanto, os interesados poderán interpor, con carácter previo, recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes computado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses se a resolución é presunta, a contar neste último caso desde o día seguinte a aquel en que se produza o citado acto presunto. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo en tanto non recaia resolución, expresa ou presunta, do mesmo, ao abeiro do previsto nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

**CLÁUSULA 41.- CUESTIÓN DE NULIDADE**

Nos supostos previstos no artigo 37 do TRLCSP poderase interpoñer cuestión de nulidade no prazo dos 30 días hábiles seguintes ao da publicación da adxudicación do contrato ou da notificación da mesma aos licitadores, nos termos previstos no artigo 39 do TRLCSP.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 25 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**ANEXO I****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Don/Dona ....., con DNI ..... e enderezo en .....

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa ..... constituída ..... (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder ..... (referencia escritura).

**DECLARO baixo xuramento que os datos manifestados nesta declaración son exactos:**

1. Que coñece os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que serven de base ao acordo marco de prestación dos servizos de Procurador dos Tribunais e que os acepto incondicionalmente.
2. Que reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar para contratar co sector público, esixidos nos artigos 54 e 72 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
3. Que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que se atopa inscrito como colexiado exercinte no Colexio Oficial de Procuradores de.....
5. Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte ao Estado, Comunidade autónoma e Concello de Vigo e fronte á Tesourería da Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
6. Que se atopa ao corrente no pagamento de salarios e Seguridade Social dos traballadores do seu cadro de persoal.
7. Que ten declarado un volume anual de negocio de ..... € no ano.....
8. Que en relación coa solvencia técnica, executou contratos de servizos de prestacións análogas nos cinco últimos anos, nas seguintes institucións ou empresas e polos seguintes importes, que será acreditable no momento procedimental oportuno de acordo co previsto no TRLCSP.

Institución ..... Contía ..... Ano ..... e breve descrición do servizo executado .....

No caso de traballos realizados en UTE con outras empresas deberá facerse constar unicamente a parte proporcional en función da porcentaxe de participación da empresa na citada UTE.

9. Que acepta o correo electrónico como medio de notificación das actuacións que resulten deste expediente. Para estes efectos, sinala como enderezo de correo electrónico o seguinte .....
10. Comprometese a designar un procurador colexiado que substitúa ó adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato.
11. No suposto de que o licitador sexa estranxeiro, comprométese a someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

Expediente 9408-111

Lugar, data, sinatura e selo



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 24/11/2015 13:33

Páxina 27 de 28

Aprobado en Xunta de Goberno do 20/11/2015

Código de verificación: 22E33-2EDCE-B4BB3-2E84A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**ANEXO II****MODELO DE PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA**

D ....., con DNI nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado da licitación do acordo marco para a prestación dos servizos de Procurador dos Tribunais no/s partido/s Xudicial de ....., lote nº....., manifesta:

1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas que rexen esta contratación.

2.- Propón a seguinte redución de puntos porcentuais sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes (ata o máximo do 12%):.....%

Lugar, data e sinatura do licitador.

